



Proxecto lingüístico de centro.

IES A Xunqueira II.

Pontevedra.

Normativa de aplicación:

- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.



aniversario
1986 - 2021



Índice

1.	Introdución.	5
2.	Situación sociolingüística do centro.	5
1.	Contorna.	6
2.	Centro.	7
3.	Alumnado e as súas persoas responsables.....	7
i.	Datos persoais do conxunto.	8
ii.	Datos lingüísticos.	9
4.	Profesorado.	10
5.	Persoal de administración e servizos.....	10
6.	Documentación administrativa, rotulación e cartelería.....	11
3.	Obxectivos xerais.	12
1.	Orientados cara á contorna sociolingüística do centro.	12
2.	Orientados cara ao profesorado.....	12
3.	Orientados cara ao alumnado.	12
4.	Orientados á situación sociolingüística do centro.....	14
5.	Medidas.	14
4.	Liñas de actuación para o fomento da lingua galega.	16
1.	Liñas xerais de actuación tendentes á consecución dos obxectivos previstos.....	16
2.	Ámbitos e sectores clave.	17
i.	Administración.....	17
ii.	Interacción didáctica.....	17
iii.	Relación co contexto socio-familiar.....	18
3.	Liñas de actuación postas en marcha por sectores.	19
i.	Alumnado.....	19
ii.	Profesorado.	19
iii.	Ambiente.	20
iv.	Contorna.	20
5.	Decisión respecto das linguas de impartición nas diferentes áreas, materias e ámbitos.....	21

6. Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que lle imparten.....	22
1. Exencións.....	22
2. Medidas de carácter xeral.....	25
3. Departamentos de Linguas oficiais en Galicia.....	26
4. Departamentos de Linguas estranxeiras.....	27
5. Actividades de ampliación e reforzo.....	28
7. Actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais.....	28
8. Contribucións dos distintos departamentos.....	29
1. Departamento de Bioloxía e xeoloxía. <i>(actualización do curso 2020/21)</i>	29
2. Departamento de Debuxo. <i>(actualización do curso 2021/22)</i>	29
3. Departamento de Economía. <i>(actualización do curso 2021/22)</i>	29
4. Departamento de Educación física. <i>(actualización do curso 2020/21)</i>	29
5. Departamento de Filosofía. <i>(actualización do curso 2021/22)</i>	30
6. Departamento de Física e química. <i>(actualización do curso 2021/22)</i>	31
7. Departamento de Francés. <i>(actualización do curso 2021/22)</i>	31
8. Departamento de Grego e latín. <i>(actualización do curso 2020/21)</i>	31
9. Departamento de Inglés. <i>(actualización do curso 2021/22)</i>	32
10. Departamento de Lingua castelá e literatura. <i>(actualización do curso 2021/22)</i>	32
11. Departamento de Lingua e literatura galega. <i>(actualización do curso 2021/22)</i>	33
12. Departamento de Matemáticas. <i>(actualización do curso 2021/22)</i>	33
13. Departamento de Música. <i>(actualización do curso 2021/22)</i>	33
14. Departamento de Relixións. <i>(actualización do curso 2021/22)</i>	34
15. Departamento de Tecnoloxía. <i>(actualización do curso 2021/22)</i>	34
16. Departamento de Xeografía e historia. <i>(actualización do curso 2021/22)</i>	34
9. Procedemento de seguimento, supervisión e avaliación que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ámbalas dúas linguas oficiais.....	35
10. Anexo e Addenda anual.....	35
• Anexo I:.....	35
• Addenda anual:.....	35
11. Elaboración e revisión deste documento.....	36



1. Introducción.

O Proxecto Lingüístico de Centro (en adiante PLC) é un documento de carácter pedagóxico-administrativo que nace coa necesidade de conectar a realidade do centro coa contorna, a lingua, a historia, a cultura e a lexislación propias de Galicia, baseándose na normativa vixente. Por este motivo, e debido a que –en sentido estrito– non estamos ante un plan de dinamización de lingua galega, entendemos que o PLC non debe ser tan só a constatación ou descrición das medidas que o centro vai implantar con respecto á utilización da lingua galega, aínda que esta teña un papel preferente. Trátase tamén dun documento onde se explica o uso das demais linguas que, dun xeito ou doutro, ocupan un espazo lectivo e de aprendizaxe no centro. En definitiva, é unha proposta de organización do centro para atender as necesidades lingüísticas do alumnado. O noso obxectivo é o logro dunha competencia lingüística instrumental suficiente para seguir as clases (no caso de alumnado con dificultades de aprendizaxe, tanto se é coñecedor ou non das linguas vehiculares de transmisión), e para o desenvolvemento persoal de tódolos demais.

A parte máis importante deste documento será a dedicada ás linguas galega e castelá, tanto por ser as linguas nas que se educa a maior parte da poboación, como por ser vehículo de transmisión do coñecemento e de relación dentro e fóra das aulas.

Habería que sinalar que un proxecto lingüístico debe contemplar non só a realidade bilingüe actual, senón tamén a posible realidade multilingüe dun futuro non afastado, visto como cambia a composición da sociedade galega e tamén a tendencia que, respecto ás linguas, se segue nos países da Unión Europea.

O presente documento debe ser un marco que regule as normas de utilización das distintas linguas, as estratexias e as propostas, e pretende implicar a toda a comunidade educativa no proceso de ensino-aprendizaxe das linguas.

Finalmente, este documento debe ser tomado como unha primeira aproximación ás cuestións antes relatadas e, dende logo, é susceptible de ser mellorado nos vindeiros cursos.

2. Situación sociolingüística do centro.

Para determinar a lingua da contorna do centro, recorreuse a datos do mapa sociolingüístico de Galicia, elaborado pola Real Academia Galega e á confrontación destes datos cos obtidos

mediante enquisa que se realizou ao noso alumnado.

1. Contorna.

O Concello de Pontevedra, no que se sitúa o centro, atópase no comezo da ría do mesmo nome sendo, ademais, a capital da provincia. Conta cunha poboación duns 82.549¹ habitantes dos que un 68,75% residen no núcleo urbano e un 31,25% nas quince parroquias do arrabalde rural, nun entorno tranquilo e apacible, cun clima suave e englobada en pleno corazón das Rías Baixas. Linda ao norte cos municipios de Barro, Moraña e Campo Lameiro; ao leste cos de Cerdedo-Cotobade e Ponte Caldelas; ao sur cos de Soutomaior, Vilaboa e Marín, e ao oeste co de Poio e a ría do seu mesmo nome. A extensión do concello é de aproximadamente 117 km², alongándose de norte a sur case 20 quilómetros cunha densidade elevada (635 habitantes/km²).

Os recursos económicos no concello xéranse no sector servizos, a pesca, a agricultura e a industria, destacando ENCE, ELNOSA e as empresas afincadas no polígono industrial de O Campiño, algunhas delas auxiliares da factoría de Citröen en Vigo. Ao mesmo tempo, unha boa parte da poboación traballa na área metropolitana de Vigo e arredores por estar moito máis industrializada.

A zona da Xunqueira, lugar onde se sitúa o noso centro, está rodeada de paraxes naturais como a Illa das Esculturas e Illa do Cobo, a Xunqueira de Alba e todo en plena ría de Pontevedra.

Na contorna educativa do campus da Xunqueira conviven:

- Dous centros de educación infantil e primaria. (CEIP)
- Dous institutos de ensinanza secundaria, incluído o noso. (IES)
- Un centro integrado de formación profesional. (CIFP)
- Unha escola de idiomas. (EOI)
- Un centro de formación e recursos para o profesorado. (CFR)
- O campus universitario de Pontevedra, pertencente á Universidade de Vigo, con

¹ Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro de 2016. Instituto galego de estatística.

tres facultades e unha escola de enxeñaría forestal.

- Un pavillón municipal de deportes, co que compartimos as instalacións deportivas para o desenvolvemento das nosas clases do departamento de Educación física.
- O Pazo da Cultura, que xunto ao Recinto feiral e a sé da Policía Local, complementa as posibilidades da contorna.

2. Centro.

O IES A Xunqueira II é un centro de educación secundaria situado na rúa Celso Emilio Ferreiro, 6 de Pontevedra, no campus educativo A Xunqueira. Trátase dun centro urbano, aínda que recibe tamén alumnado do rural. Os estudos que se imparten no noso centro son: ESO e bacharelato, nas modalidades de Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais.

A Consellería de Educación autoriza o comezo de actividades académicas a partir do 1986/87, cunha capacidade para 960 postos escolares, polo que acabamos de cumprir 35 anos de servizo. Actualmente é un centro “liña 4”, isto é, que temos catro grupos por nivel o que fai que teñamos unha autorización para 24 unidades. A maiores temos autorizado os Programas de mellora, da aprendizaxe e do rendemento (en adiante PMAR) tanto en 2º coma en 3º da ESO.

Ten adscritos os CEIP Manuel Vidal Portela e o CEIP Xunqueira Nº 2, ambos dentro do concello de Pontevedra.

3. Alumnado e as súas persoas responsables.

No presente curso 2021/22 temos unha matrícula ao redor de 695 alumnos (cun 6% de alumnado estranxeiro), dos que 461 pertencen á ESO e 234 ao bacharelato, todos eles distribuídos en 16 unidades ordinarias de ESO máis 2 extraordinarias (PMAR) e 8 unidades ordinarias de bacharelato (liña 4).


A procedencia do alumnado varía segundo as ensinanzas:

- Na ESO proceden maioritariamente dos centros adscritos.
- No bacharelato é importante o alumnado procedente doutros centros e concellos limítrofes debido, entre outras cousas, a que o noso centro é o que máis liñas de autobús ten na cidade, situación que fornece e fai que medre a matrícula no noso



centro.

Tamén está escolarizado alumnado que procede doutras comunidades e países tendo un total de 13 nacionalidades escolarizadas, en particular alumnado de orixe centro e suramericana, marroquí e centroafricana (a maioría non procedente dos centros adscritos de primaria). En relación ao alumnado de etnia xitana o número é moi baixo, sendo o máis habitual dous ou catro alumnos cada curso académico. En tódolos casos, a convivencia con este alumnado sempre foi correcta, non rexistrándose ata o de agora problemas de racismo ou xenofobia.




Dos datos obtidos na enquisa realizada ao alumnado obtivéronse as seguintes porcentaxes:

i. Datos persoais do conxunto.


Sexo

505 respostas




Idade

505 respostas




Que estudos estás a cursar?

505 respostas




ii. Datos lingüísticos.


Que lingua falas habitualmente na casa?



Que lingua usas habitualmente no instituto?



Que lingua usas habitualmente noutros ámbitos?




4. Profesorado.



Nestes momentos o número de efectivos do centro é de 56 + 2 itinerantes + 3 medias xornadas dentro dos programas ARCO e PROA+, entre mestres e profesorado de ensino secundario. En canto á lingua empregada polo persoal docente, predomina o castelán no seu día a día aínda que tamén existe profesorado que emprega o castelán para o contacto cos compañeiros pero imparten as súas clases en lingua galega.


Que lingua empregas habitualmente fóra do contorno educativo?

51 respostas



Que lingua empregas habitualmente no centro educativo?

51 respostas




5. Persoal de administración e servizos.

Nestes momentos o número de efectivos do centro é de 7, entre persoal de limpeza, persoal subalterno e persoal auxiliar administrativo. A utilización da lingua galega na súa actividade diaria varía en función do contexto e do interlocutor; pero podemos afirmar, sen temor a equivocarnos, que predomina, con moito, a utilización do castelán sobre o galego.


Que lingua empregas habitualmente fóra do contorno educativo?

3 respostas



Que lingua empregas habitualmente no centro educativo?

3 respostas



6. Documentación administrativa, rotulación e cartelería.

Todas as comunicacións que se emiten desde o centro para informar a toda a comunidade escolar están en galego. Os informes e modelos elaborados polo equipo directivo para a comunicación coas persoas responsables de alumnado e o propio alumnado así como o seguimento das titorías por parte do profesorado están en galego. Así mesmo, a comunicación do equipo directivo co profesorado, ben a través dos taboleiros das salas de profesorado, ben a través dos medios electrónicos, establécese en galego.

Todos os documentos oficiais do centro que, en xeral, se poden consultar na web, están en galego.

A cartelería, que se esta a renovar nos últimos anos, encóntrase tamén en galego.

3. Obxectivos xerais.

1. Orientados cara á contorna sociolingüística do centro.

- Dar a coñecer o traballo dinamizador do equipo ao exterior.
- Facer partícipe, na medida do posible, a toda a comunidade do traballo e dos logros conseguidos.
- Promover o uso do galego en tódolos espectáculos e manifestacións orais que se leven a cabo.
- Normalizar o uso escrito do galego en tódalas cuestións comerciais que se realicen desde secretaría.
- Colaborar con institucións alleas ao centro.
- Implicar as familias na normalización lingüística.
- Concienciar á comunidade educativa da importancia de ter unha lingua propia como sinal de identidade.
- Promover a investigación e a creación en galego.



2. Orientados cara ao profesorado.

- Potenciar o uso oral e escrito entre o profesorado que conforma o claustro.
- Axudar a superar prexuizos contra a nosa lingua.
- Proporcionar ao profesorado ferramentas de traballo en lingua galega.
- Intentar que se sume o maior número de profesorado posible á tarefa dinamizadora.
- Implicar ao claustro en actividades que leven a valorar a nosa lingua.
- Asesorar ao profesorado nas dúbidas de tipo lingüístico.
- Animar á investigación e publicación en lingua galega.

3. Orientados cara ao alumnado.

- Acadar a competencia lingüística do alumnado nas dúas linguas oficiais (galego e

castelán) ao rematar o seu período de escolarización.

- Acadar a competencia lingüística do alumnado nas dúas linguas estranxeiras que se imparten no centro.
- Contribuír, dende o estudo das linguas clásicas, á adquisición da competencia lingüística en galego e castelán, como base do desenvolvemento persoal do alumnado.
- Potenciar o uso oral e escrito da lingua galega entre o alumnado.
- Contribuír a desbotar todo tipo de prexuízos lingüísticos en contra do galego.
- Mellorar a actitude lingüística.
- Comprometer na tarefa dinamizadora ao maior alumnado posible.
- Concienciar ao alumnado sobre a importancia de exercer o seu dereito a usar a súa propia lingua en todos os ámbitos.
- Invitar ao alumnado a exercer de axentes dinamizadores fóra do centro.
- Ampliar, na medida do posible, os seus coñecementos sobre as linguas.
- Animar á lectura en galego.
- Dar a coñecer os fondos da Biblioteca para un mellor aproveitamento deles.
- Dar a coñecer a actividade editorial en lingua galega.
- Fomentar a creatividade na nosa lingua.
- Dar a coñecer a figura homenaxeada no día das Letras Galegas, así coma a doutros persoeiros da nosa cultura.
- Aproximar ao alumnado a súa realidade cultural e social, animalo a interesarse polas súas tradicións.
- Achegarse en galego ao alumnado dunha forma lúdica, divertida.
- Difundir entre o alumnado características e valores da nosa cultura.
- Achegar ao alumnado a outras realidades galegas.

- Promover o uso do galego nos traballos escolares.
- Achegar o noso idioma e a nosa realidade cultural ao alumnado inmigrante.
- Potenciar todo tipo de actividades emprendedoras a favor do noso idioma.
- Facilitarlles direccións de páxinas web para que identifiquen o galego como lingua moderna e útil para navegar e comunicarse en internet.
- Promover o uso do galego nas tecnoloxías da información e a comunicación.

4. Orientados á situación sociolingüística do centro.

- Potenciar o uso oral e escrito da lingua galega.
- Mellorar a calidade do idioma empregado.
- Mellorar a actitude cara á lingua.
- Acadar a normalización da lingua no uso cotián do centro.
- Comprometer na tarefa dinamizadora ao maior número de membros da comunidade escolar.
- Impulsar a realización de traballos de investigación en lingua galega.
- Promover o uso do galego en carteis, murais e todo tipo de actividades que se realicen no centro.

5. Medidas.

Obsérvase que no noso centro a variedade diastática que se emprega é o que se coñece como “galego popular”. Como é ben sabido, o galego estándar é considerado un tanto artificioso por boa parte dos falantes. Partindo desa idea non deixan de utilizar castelanismos, ás veces por ignorancia e, as máis, porque non lle dan importancia ao uso correcto dunha lingua.

Traballaremos coa fin de depurar o idioma de toda clase de vulgarismos e interferencias e incidiremos no uso da lingua culta nos ámbitos formais orais e na escrita.

O equipo de dinamización de lingua galega (en adiante EDLG) tamén intentará cambiar e mellorar as actitudes cara á lingua coa realización de actividades que vinculen esta fala coa

modernidade e o progreso, como pode ser o emprego nos medios informáticos, nas novas tecnoloxías, en internet e nos traballos de investigación.

Para acadar a normalización no centro o EDLG promoverá un servizo de asesoramento lingüístico para a redacción de tódolos documentos oficiais e para a galeguización de calquera actividade. Intentarase con isto mellorar a calidade do idioma nos usos institucionais.

As actividades que o EDLG realice serán difundidas a través do taboleiro deste departamento e da páxina web do centro, coa finalidade non só de dálas a coñecer senón de recrutar ao maior número de participantes posible, facendo que o equipo se abra así a todo tipo de iniciativas que poidan resultar interesantes.

Para acadar tódolos obxectivos marcados, poñeranse en marcha unha serie de medidas, moitas con carácter plurianual. Algunhas delas xa se desenvolveron en anos anteriores e outras comezarán a realizarse neste curso escolar co ánimo de que se manteñan en anos posteriores.

As medidas que se tomarán son as seguintes:

- i. Mellora da calidade do idioma, especialmente nos usos institucionais. Para isto poñerase en marcha un servizo de asesoramento lingüístico.
- ii. Valorización do galego como lingua propia. O EDLG fomentará o uso da lingua galega tanto a nivel escrito como oral. Incidirá tamén en que o alumnado asista a actos onde se empregue o noso idioma, como poden ser obras de teatro, exposicións, charlas, talleres...
- iii. Creación en lingua galega. Celebraranse actividades que insistan no emprego da lingua en todos os campos da comunicación, non só na creación de tipo literario senón na elaboración de traballos de distintas materias, así como no emprego do galego na rede.
- iv. Mellora das actitudes cara á lingua e a valoración da lingua estándar. Levaranse a cabo distintas campañas de fomento do idioma.
- v. Dinamización do uso do galego de xeito que repercuta no exterior. Publicarase a

revista do instituto, acudirase a actos fóra do centro...

- vi. Proporcionarlle a todos os membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo.

4. Liñas de actuación para o fomento da lingua galega.

1. Liñas xerais de actuación tendentes á consecución dos obxectivos previstos.

As medidas concretas establecidas para levar adiante os obxectivos previstos neste curso enúncianse seguidamente. Establecemos primeiramente as dúas liñas xerais que van orientar esas actuacións:

- O deseño de planos e accións normalizadores orientados a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos) e á contorna do noso centro.
- O deseño de planos e accións encamiñados á sensibilización no uso do galego que detecten, neutralicen e muden as actitudes lingüísticas negativas cara ao galego por parte de calquera membro da comunidade educativa

De entre as múltiples medidas que se derivan dos eixos básicos de actuación inclúense tanto aquelas accións que pola súa envergadura e alcance na consecución dos obxectivos marcados precisan dun financiamento extraordinario que non se pode afrontar mediante os recursos propios do centro, como aqueloutras actividades menos gravosas ou que non precisan de financiamento mais que inciden de igual xeito nas liñas de actuación marcadas.

De tódolos xeitos, a experiencia indica que ao longo do curso aparecerán novas propostas dos diferentes membros da comunidade educativa e das entidades e asociacións colaboradoras que enriquecerán este plano de traballo e que se incluirán debidamente na memoria de fin de curso.




2. Ámbitos e sectores clave.

A análise destes parámetros no noso centro educativo e, dentro de cada un dos diferentes sectores, con posibles actuacións singulares que debemos ter en conta, permítenos coñecer os ámbitos de intervención.

i. Administración.

Este nivel de intervención está constituído polas relacións do centro coas distintas administracións e os aspectos administrativos do propio centro. Nel distinguimos os seguintes sectores de actuación:

- Sector 1: Actividade oficial e relacións coa administración.
 - Os documentos oficiais escritos tales como arquivos, comunicacións, convocatorias, avisos, certificados, actas de reunións, oficios, regulamentos, follas informativas e a documentación interna do centro están en galego.
 - Os documentos relativos á xestión económica do centro tales como recibos, facturas, inventarios, balances, documentos contables... están escritos en galego, agás os que sexan facilitados por terceiras empresas que poden vir en calquera idioma.
 - A lingua da comunicación oral nos claustros, reunións de traballo, comisións... é indistintamente galego e castelán.
- Sector 2: Aspectos visuais.
 - A rotulación externa e interna do centro, os horarios, os taboleiros de anuncios, a páxina web do centro, os carteis, as listaxes de prezos e menús da cafetería, os calendarios, a catalogación da biblioteca e do material audiovisual fanse en lingua galega.



ii. Interacción didáctica.

Este apartado analiza a rede de relacións interpersoais que se establecen na comunicación educativa

- Sector de actuación do profesorado: o docente é promotor dos usos lingüísticos pola adecuación, propiedade e corrección da lingua que utiliza, pola variedade de funcións para as cales usa a lingua e polas actitudes que mantén cara á lingua e a súa recuperación e a dinámica que é capaz de pór en marcha. No noso centro a actuación do profesorado desenvólvese en galego en todas aquelas materias que indica a normativa.
- Sector dos materiais didácticos: os libros de texto e os materiais didácticos dos diferentes departamentos están en galego (na medida en que o permite a lei) e incorporan os usos necesarios para actuar na nosa lingua en tódolos ámbitos da actividade social.
- Sector do clima na clase: no noso centro favorécese unha actitude de integración e de valoración da nosa lingua e cultura a través da rotulación, os símbolos e adornos dentro da clase, o taboleiro de anuncios, os murais, calendarios, horarios, carteis...

iii. Relación co contexto socio-familiar.

Neste ámbito analízase a rede de relacións interpersoais que se establecen na comunicación educativa. Distinguimos dous sectores de actuación

- Comunicacións orais: a atención ao público en reunións coas persoas responsables de alumnado, intervencións en actos oficiais, actividades extraescolares, intervencións nos medios de comunicación, campañas informativas do centro, semanas ou xornadas culturais, celebracións, actuacións teatrais e musicais... desenvólvese en galego.
- Comunicacións escritas: as circulares, follas informativas ás familias, notas de prensa, anuncios, autoadhesivos, cartas, prensa da escola, páxinas web, blogs... faranse en galego.

As liñas de actuación teñen como finalidade acadarmos o obxectivo xeral establecido na normativa vixente, no relativo ao fomento do plurilingüismo. Este obxectivo é “acadar por parte do alumnado das diferentes etapas, unha boa competencia nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, e en linguas estranxeiras.

Este é o resultado que se espera nun programa de plurilingüismo activo que lle permita ao alumnado empregar con fluidez e competencia calquera das linguas na vida social”.

3. Liñas de actuación postas en marcha por sectores.

i. Alumnado.



- Fomentar actitudes positivas cara ó galego entre o alumnado co obxectivo de evitar que abandonen o seu uso oral no rexistro coloquial cando saen do seu entorno próximo e que afiancen o seu uso culto tanto oral como escrito.
- Fomentar o recoñecemento entre o alumnado da súa propia variedade dialectal como unha forma completamente válida do galego, para evitar que abandonen o seu uso fóra da súa contorna inmediata.
- Procurar que o alumnado manteña a fonética galega xa que nos modelos de emprego culto do galego (políticos, actores de televisión, profesores, etc.) predomina o uso da fonética castelá.
- Valorar o uso correcto da lingua galega na súa expresión oral e escrita (traballos, actividades, traducións...) naquelas áreas en que o profesorado imparta a súa materia no idioma galego.

ii. Profesorado.



- Asumir por parte do profesorado o desenvolvemento dun programa lingüístico coherente que apoie o obxectivo xeral marcado na normativa vixente.
- Fomentar a formación do profesorado na nova normativa do galego e facilitarlle o material necesario ou ferramentas para a súa consulta.
- Ofrecer axuda lingüística a todo o profesorado mediante a creación de fichas de dúbidas lingüísticas.
- Asesorar ao profesorado na elaboración de material didáctico en galego.

iii. Ambiente.

- Explicar á comunidade educativa (profesorado, persoal de administración e servizos, alumnado e as súas persoas responsables) o PLC, buscando a súa implicación no seu desenvolvemento e aplicación.
- Asegurar o emprego do galego, na medida do posible, na meirande parte do material didáctico, nas actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación (plan de educación dixital), así como en tódalas actividades complementarias e extraescolares que se realicen, sexan dentro do centro (conferencias, teatro...) ou fóra del (viaxes culturais, saídas).
- É importante sinalar, polo que respecta ao material didáctico, que non sempre é doado atopalo en galego. O profesorado de linguas estranxeiras, por exemplo, é dos máis afectados neste sentido.
- Revisar e actualizar os sistemas operativos con software libre en galego postos en marcha pola Consellería.
- Asegurar que as aplicacións ofimáticas de uso común de tódolos equipos informáticos do centro contén con correctores ortográficos operativos e actualizados de galego e castelán.
- Habilitar na páxina web do centro, espazos e ligazóns para acceder ás ferramentas de corrección ortográfica, tradutores e material didáctico en galego.
- Asesorar aos responsables da biblioteca do centro no emprego do galego.
- Asesorar aos responsables do equipo directivo do centro para que toda a documentación siga estando redactada en galego.
- Asesorar no correcto uso do galego ao persoal de administración e servizos que o demande.

iv. Contorna.

- Divulgar e participar, na medida do posible, nas iniciativas de calquera entidade ou órgano (concellos, centros educativos, compañías de Teatro,...) a

prol da lingua galega.

- Divulgar todo o material que reciba o EDLG cara á normalización da lingua galega.
- Divulgar as novas que supoñan un avance cara á normalización do galego.
- Solicitar, na medida do posible, que as comunicacións das empresas e entidades co centro (facturas, publicidade, notas informativas, etc.) sexan en galego.
- Buscar a colaboración doutros centros da zona para a planificación de actividades conxuntas no ámbito da normalización lingüística.
- Revisar e actualizar anualmente os datos da enquisa sociolingüística.

5. Decisión respecto das linguas de impartición nas diferentes áreas, materias e ámbitos.

No centro se aplica o establecido na normativa vixente. Recóllense para cada curso, en forma de táboa, as linguas en que deben impartirse as diferentes materias que o compoñen. Ao principio de cada columna preséntanse as sesións totais e a porcentaxe na paridade. Achégase como Anexo I

Segundo o que establece a normativa vixente, nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto

por parte do profesorado como por parte do alumnado. Alén diso, en tódalas áreas ou materias, agás nas materias de linguas estranxeiras, o alumnado poderá utilizar nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia. Non obstante o anterior, procurarase que o alumnado utilice a lingua en que se imparte a área ou materia.



6. Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que lle imparten.

1. Exencións.

Este alumnado gozará das medidas propostas conforme a ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega establece, que a continuación transcribimos:



- **Artigo 1. Obxecto.**

1. *Esta orde ten por obxecto regular os distintos supostos excepcionais e taxados en que o alumnado pode solicitar a exención da materia de lingua galega nos diferentes niveis e etapas do ensino non universitario.*
2. *Regular o procedemento e os prazos para a solicitude da exención.*

- **Artigo 2. Principios xerais.**

1. *A lingua galega é materia de estudo obrigatorio en todos os niveis educativos non universitarios e o alumnado que realice todos os estudos en Galicia sen interrupción deberá cursar e superar a referida materia sen que teña dereito a que se lle conceda a exención.*
2. *Tampouco terá dereito á exención o alumnado que tivese realizados estudos en Galicia e curse fóra da Comunidade Autónoma tres cursos completos ou menos e se reincorpore ao sistema educativo galego (Concepto “ex novo”).*

- **Artigo 3. Requisitos para a obtención da exención temporal.**

O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia no 3º ciclo de educación primaria, en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.

- **Artigo 4. Deberes do alumnado exento.**

1. *A exención suporá a consignación de exento nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.*

2. O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou en que vaia matricularse, en igualdade de condicións ca os demais compañeiros ou compañeiras da clase.
 3. *O incumprimento por parte do alumno ou da alumna do establecido no punto anterior determinará a revogación da exención, logo dos informes pertinentes e unha vez oída a persoa interesada ou, de ser o caso, os seus proxenitores, titores ou representantes legais.*
 4. *A revogación ou denegación da exención producirán como efecto para o alumnado a obriga de ser cualificado nas avaliacións parciais e finais ao final do curso en que se atope.*
 5. *Nos respectivos documentos oficiais de avaliación farase constar a exención concedida e, de ser o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.*
- **Artigo 5. Presentación da solicitude da exención.**
 1. A solicitude da exención da materia de lingua galega deberá presentarse en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para o que se utilizará o formulario normalizado que figura como anexo desta orde, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.es>. A referida solicitude irá asinada polo alumno ou pola alumna solicitante, polo seu pai/nai/titor/titora ou pola persoa que teña a súa representación legal, se é menor de idade, e nela exporanse as razóns polas que se solicita a exención. No caso de que se envíe por correo, este deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folla do formulario, para garantir que a data de remisión é anterior ao remate do prazo de presentación da solicitude.
 2. A solicitude dirixirase á persoa titular da Dirección do centro docente onde o alumno ou a alumna curse os seus estudos.
 3. *No caso que a persoa solicitante ou a persoa que a represente non preste o seu consentimento para a comprobación dos datos de identidade no sistema de verificación*

de datos de identidade do departamento ministerial competente, no modelo normalizado da solicitude conforme o previsto no anexo da presente orde, deberá achegar a copia do documento de identidade correspondente.

4. *Se a solicitude é presentada por algunha das persoas proxenitoras do menor ou da menor solicitante, xunto coa solicitude achegarase o documento acreditativo da representación alegada.*
5. *A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de dous cursos escolares, conforme o previsto no artigo 3 da presente orde.*

- **Artigo 6. Prazos de presentación da solicitude da exención.**

1. *O prazo de presentación da solicitude empezará o 1 de setembro de cada ano e rematará o 5 de outubro de cada ano para o alumnado dos centros de educación primaria e secundaria obrigatoria, e o 20 de outubro de cada ano para o alumnado dos centros de bacharelato.*
2. *Cando se trate dun alumno ou alumna con traslado de matrícula viva, procedente dun centro doutra comunidade autónoma ou do estranxeiro, o prazo de presentación da solicitude será de vinte días seguintes á incorporación da persoa interesada ao novo centro.*
3. *(eliminado... outras ensinanzas)*
4. *(eliminado... outras ensinanzas)*

- **Artigo 7. Resolución da solicitude de exención**


1. *Os centros docentes públicos dependentes da consellería con competencia en materia de educación resolverán sobre a concesión ou a denegación da exención, no prazo máximo de dez días hábiles a partir da presentación da documentación completa.*
2. *No caso dos centros docentes privados e privados concertados que imparten bacharelato, a resolución correspóndelle á persoa titular da dirección do centro público a que estea adscrito.*

- **Artigo 8. Recursos.**

1. *A resolución da exención poderá ser impugnada mediante o recurso de alzada, no prazo*

dun mes, ante a persoa titular da xefatura territorial correspondente da consellería con competencias en materia de educación, e poralle fin á vía administrativa.

2. Medidas de carácter xeral.



Atendendo á ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica

2/2006, do 3 de maio, de educación, establécense as seguintes medidas, de seren necesarias:

- **Ordinarias**

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas á contorna e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Desdobramentos de grupos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular. (dende o curso 2016/17 incorporámonos á rede Piteas)
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Programas de recuperación.
- Programas específicos personalizados.



l) Programas de habilidades sociais.

• **Extraordinarias:**

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Programas de diversificación curricular (en adiante PDC), substituídos coa LOMCE polos Programas de mellora, aprendizaxe e reforzo (en adiante PMAR).
- f) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo. (Protocolo de atención domiciliaria)
- g) Grupos de adquisición das linguas.
- h) Grupos de adaptación da competencia curricular.



CONTRATOS PROGRAMA




CP innova

Desde o curso 2015/16, implementamos no noso centro os Contratos-programa, agora divididos en CPInclúe, CPInnova e CPRecupérate. Esta última modalidade fornece profesorado de apoio dentro e/ou fóra da aula nas liñas de actuación ARCO e PROA+

CONTRATOS PROGRAMA



CP inclúe



3. Departamentos de Linguas oficiais en Galicia.

Para este suposto temos as seguintes medidas aplicadas:

- Desdobramentos combinados en 1º da ESO para Lingua e literatura galega e para Lingua castelá e literatura, deste xeito, establécense un grupo extra, ABCD conseguindo que as rateos se reduzan nun 20% aproximadamente.
- Reforzo educativo por parte do profesorado de cada materia, mediante exercicios adicionais específicos e/ou a través da profesora de pedagogía terapéutica. Este reforzo ten como principal destinatario alumnado estranxeiro.

- No caso de alumnado estranxeiro e que descoñece totalmente a lingua galega e a lingua castelá, faise unha inmersión lingüística co profesorado que teña sesións dispoñibles para lle dedicar.
- Concédense exencións nas cualificacións da materia de Lingua galega e literatura en todos os niveis educativos, ESO e bacharelato. En tódolos casos, o profesorado de Lingua galega e literatura adoptou as medidas necesarias para a súa progresiva adaptación ao proceso de adquisición do galego:
 - Detección de problemas que requiran un tratamento específico.
 - Atención personalizada das súas dificultades de adquisición de competencia lingüística.
 - Adaptación de metodoloxías e contidos para a adquisición da competencia lingüística.
 - Actividades con textos (lectura comprensiva) e, no estudo gramatical, con enunciados sinxelos.
 - Actividades sobre as interferencias lingüísticas en tre o galego e o castelán.

4. Departamentos de Linguas estranxeiras.

Para este suposto temos as seguintes medidas aplicadas:

- Desdobramentos combinados en 1º da ESO para a materia de Inglés, deste xeito, establécense un grupo extra, ABCD conseguindo que as rateos se reduzan nun 20% aproximadamente.
- Desdobramentos pola implementación da materia de Francés como primeira lingua estranxeira no 30% dos niveis obtendo unha redución de rateos entre o 20% e o 30%.
- Desdobramentos pola implementación da materia de Portugués como segunda lingua estranxeira no 60% dos niveis obtendo unha redución de rateos entre o 30% e o 50%.



- Exencións en 1º e 2º da ESO para a materia de 2ª lingua estranxeira – Francés e/ou Inglés e/ou Portugués conseguindo que as rateos sexan reducidas nun 20% aproximadamente.

5. Actividades de ampliación e reforzo.

É preciso atender os diversos ritmos e capacidades do alumnado. O noso enfoque vai dirixido a proporcionar ao alumnado con máis deficiencias ou problemas de aprendizaxe nas linguas oficiais recursos variados que axuden a mellorar a súa adquisición lingüística. Con esta fin realizaranse as seguintes actividades:

- Actividades específicas para cada unidade que poden ser seleccionadas polo profesorado para complementaren as do libro de texto e ser adaptadas segundo as necesidades que se presenten.
- Materiais de repaso de contidos impartidos en cursos anteriores.
- Esquemas e resumos de aspectos fundamentais da materia.
- Textos que permitan a diversificación do traballo dos alumnos.

Estas medidas non deben supor de ningún xeito unha redución ou condensación dos contidos esixibles, xa que tal estratexia só contribuiría a erosionar a preparación do alumnado de cara aos seus estudos posteriores

7. Actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais.

- Actividades para o desenvolvemento da expresión oral e situacións comunicativas na aula:
 - a) Proxeccións de vídeos educativos en formato multimedia e posterior exposición oral do seu contido, preguntas, opinións, debate...
 - b) Elaboración de exposicións orais con apoio de sistemas multimedia.
- Actividades para o desenvolvemento da comunicación escrita:
 - a) Elaboración de distintos tipos de texto con esixencias adaptadas a cada nivel educativo.

- Actividades de fomento da lingua:

Participación do alumnado en actividades e iniciativas culturais no ámbito escolar e local (desde o concello ou outros organismos) como:

- a) Concursos literarios dirixidos ó alumnado, entre eles o Ven, Veñas, Maio.
- b) Saídas a representacións de obras teatrais.
- c) Exposicións.
- d) Conferencias de escritores dos que o alumnado teña lido algunha obra ou en colaboración con algunha editorial.
- e) Promoción da participación nos diversos clubs de lectura dirixidos desde a biblioteca escolar.
- f) Promoción doutras actividades da biblioteca escolar nas que o alumnado teña que expresarse en calquera lingua.



8. Contribucións dos distintos departamentos.

1. Departamento de Bioloxía e xeoloxía. *(actualización do curso 2020/21)*

As materias do noso departamento impartiranse en galego de acordo co PLC.

2. Departamento de Debuxo. *(actualización do curso 2021/22)*

Fomento do uso da expresión escrita e oral en galego e castelán, con atención preferente naqueles cursos onde se necesite respectar a paridade entre as mesmas. A nosa é unha materia específica xa balanceada en 1º de ESO, pero sendo en 3º e 4º de susceptible de balanceo.

3. Departamento de Economía. *(actualización do curso 2021/22)*

Fomento da expresión escrita e oral nas linguas oficiais do estado, tanto o galego como o castelán e introdución de termos económicos en inglés como unha das linguas de uso común nesta materia e na que se atopa unha bo aparte da literatura económica actual.

4. Departamento de Educación física. *(actualización do curso 2020/21)*

A escola é un dos primeiros espazos onde o individuo se forma en todo tipo de aprendizaxes e materias entre as que cobran especial relevancia as linguas. Desde as etapas máis temperás o alumnado irá adquirindo unha maior competencia lingüística e mellorando as destrezas comunicativas que lle serán fundamentais para o seu desenvolvemento integral, tanto desde o punto de vista académico como persoal. O sistema educativo garante, logo, o dominio das linguas oficiais de Galicia, galego e castelán,

5. Departamento de Filosofía. (actualización do curso 2021/22)

Os membros do departamento de filosofía contribuirán na súa práctica habitual a que o alumnado acade a competencia lingüística nas dúas linguas oficiais (galego e castelán) ao rematar o seu período de escolarización. Se impartirá en galego a materia de Valores éticos en tódolos niveis e a materia de Filosofía de 1º de bacharelato. Historia da filosofía e Psicoloxía de 2º de bacharelato impartiranse en castelán. Sen embargo, o alumnado poderá expresarse oralmente na lingua que mellor manexe e na que se exprese con máis fluidez e rigor.

Polo que se refire a actuacións concretas:

- Manterase unha relación continuada có EDLG, tanto para posibles consultas como para colaborar nas actividades que propoña.
- Faranse recomendacións de lecturas fundamentalmente en galego para compensar o desequilibrio de facto a favor do castelán na escolla que fan os alumnos cando len por pracer.
- Nos grupos do Club de Lectura que coordinen o profesorado deste departamento leranse libros en galego e en castelán.
- Darase a coñecer ao alumnado o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas a través da lectura de textos do autor e proporcionando información das actividades nas que poden participar.
- Animarase ao alumnado a participar nas actividades quen se desenvolvan có motivo do Día da Lingua materna. Estas son organizadas polo equipo de biblioteca e son moi positivas para o desenvolvemento do Proxecto

lingüístico, xa que nelas ten cabida todas as “linguas maternas” do alumnado do centro.

6. Departamento de Física e química. (actualización do curso 2021/22)

Corresponde a materia de Física e química a impartición en castelán no bacharelato.

7. Departamento de Francés. (actualización do curso 2021/22)

Os membros deste departamento contribuirán a que o alumnado acade a competencia lingüística nas dúas linguas oficiais (galego e castelán) ao rematar o seu período de escolarización. Aínda que as clases se imparten na lingua estranxeira daranse as traducións cando se requiran en castelán e en galego.

Polo que se refire a actuacións concretas:

- Manterase unha relación continuada có EDLG, tanto para posibles consultas como para colaborar nas actividades que propoña.
- Animarase ao alumnado a participar nas actividades que se desenvolvan co motivo do Día da Lingua materna, a semana da Francofonía e que participen no programa CUALE para a mellora da lingua estranxeira.
- Faranse recomendacións de lecturas fundamentalmente en francés.
- Elaborarase cartelería de aula coas traducións ao galego.

8. Departamento de Grego e latín. (actualización do curso 2020/21)

Os membros deste departamento contribuirán a que o alumnado acade a competencia lingüística nas dúas linguas oficiais (galego e castelán) ao rematar o seu período de escolarización. Se impartirá en castelán as materias de Cultura Clásica en 3º ESO, a de Latín en 4º ESO e Latín I e II e Grego I e II en bacharelato.

Polo que se refire a actuacións concretas:

- Manterase unha relación continuada có EDLG, tanto para posibles consultas como para colaborar nas actividades que propoña.
- Animarase ao alumnado a participar nas actividades que se desenvolvan co motivo do Día da Lingua materna. Estas son organizadas polo equipo de

biblioteca e son moi positivas para o desenvolvemento do PLC, xa que nelas ten cabida tódalas “linguas maternas” do alumnado do centro.

- Se farán recomendacións de lecturas fundamentalmente en galego para compensar o desequilibrio de facto a favor do castelán na escolla que fan os alumnos cando len por pracer.

9. Departamento de Inglés. *(actualización do curso 2021/22)*

No capítulo IV do Decreto 79/2010 para o Plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia estableceuse a conveniencia do fomento da aprendizaxe do inglés. A importancia que no mundo actual ten o coñecemento de outras linguas fai que o potenciar o seu estudo sexa unha demanda da sociedade e, como non, das familias dos nosos alumnos.

Os membros deste departamento utilizarán a lingua inglesa como lingua vehicular en tódalas clases que imparta e recorrerá ao castelán ou o galego de xeito ocasional cando así o esixa o nivel de alumnado ou as circunstancias.

10. Departamento de Lingua castelá e literatura. *(actualización do curso 2021/22)*

- Actividades para el desarrollo de la expresión oral y situaciones comunicativas en el aula:
 - Proyecciones de vídeos educativos en formato multimedia y posterior exposición oral de su contenido, preguntas, opiniones, debate ...
 - Elaboración de exposiciones orales con apoyo de sistemas multimedia.
- Actividades para el desarrollo de la comunicación escrita:
 - Elaboración de distintos tipos de texto con exigencias adaptadas a cada nivel educativo.
- Actividades de fomento de la lengua:
 - Participación del alumnado en actividades e iniciativas culturais en el ámbito escolar y local (desde el ayuntamiento u otros organismos) como:
 - Concursos literarios dirigidos al alumnado.
 - Salidas las representaciones de obras teatrales.

- Exposicións.
- Conferencias de escritores de los que el alumnado haya leído alguna obra o en colaboración con alguna editorial.
- Promoción de la participación en los diversos clubes de lectura dirigidos desde la biblioteca escolar.
- Promoción de otras actividades de la biblioteca escolar en las que el alumnado tenga que expresarse en cualquier lengua

11. Departamento de Lingua e literatura galega. (actualización do curso 2021/22)

Os membros deste departamento velarán porque o alumnado acade, ao rematar a ESO e o bacharelato, un nivel comunicativo equilibrado nas dúas linguas oficiais da comunidade: galego e castelán.

Cómpre salientar que o castelán ten unha forte predominancia no contexto no que se desenvolve a nosa actividade docente. Será necesario, polo tanto, levar a cabo un importante esforzo de adquisición do código e derrubamento de prexuízos.

Nesta mesma liña, os membros do departamento terán un papel activo no EDLG, que na actualidade é coordinado por unha docente do propio departamento.

12. Departamento de Matemáticas. (actualización do curso 2021/22)

Conforme ao Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, respectarase a lingua establecida polo proxecto lingüístico para a docencia da materia.

Ademais, adoptaranse medidas para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.

13. Departamento de Música. (actualización do curso 2021/22)

Os membros deste departamento imparten voluntariamente algunhas das súas materias en galego para cumprir coa paridade das dúas linguas no horario lectivo, e dicir, a materia de música en tódolos niveis da ESO e Obradoiro de creación e comunicación audiovisual (OCCA) se impartirá en galego, Linguaxe e práctica musical (LPM) e Historia da música e

da danza (HMD) en castelán. Os materiais cos que traballaremos serán necesariamente nas dúas linguas oficiais posto que non dispomos de texto en galego bastantes.

Esta posición do departamento se reconsiderará na vindeira revisión deste documento.

14. Departamento de Relixións. *(actualización do curso 2021/22)*

A lectura e interpretación na materia de Relixión católica desenvólvese con intensidade nos distintos niveis, pero non é igual cando se trata de comprensión lectora, competencia na escritura ou a capacidade de expresión oral e habilidade na capacidade de análise. Por tanto, tentamos actividades encamiñadas a superar esas dificultades.

No centro cóntase cun programa integral para o fomento da lectura entre todo o alumnado. A pesares da pandemia pola COVID-19 este curso a biblioteca artellou un servizo para atender ao alumnado que o demande. E alí dispón de lecturas recomendadas en cursos anteriores polo departamento de Relixión. Tamén suxerimos ao alumnado que, cando poidan recibir algún agasallo da familia ou dos amigos, lles pidan libros que poidan espertar a súa curiosidade e motivalos para o estudo.

15. Departamento de Tecnoloxía. *(actualización do curso 2021/22)*

Os membros deste departamento contribuirán na súa práctica habitual a que o alumnado acade a competencia lingüística nas dúas linguas oficiais (galego e castelán) ao rematar o seu período de escolarización. Como se recolle no PLC, se impartirá en galego a materia de Programación de 2º ESO e en castelán todas as demais materias do departamento. Sen embargo, o alumnado poderá expresarse oralmente na lingua que mellor manexen e na que se expresen con máis fluidez e rigor.

16. Departamento de Xeografía e historia. *(actualización do curso 2021/22)*

Atendendo ao Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia tódalas materias do departamento impártense en galego, tratando así de normalizar o uso do noso idioma como un medio perfectamente válido non só para o ámbito das humanidades senón tamén para calquera outro da vida cotiá tanto dentro como fóra da aula.

9. Procedemento de seguimento, supervisión e avaliación que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ámbalas dúas linguas oficiais.

Para o seguimento, supervisión e avaliación do alumnado de xeito que acade a competencia lingüística axeitada en galego e mais en castelán o centro leva a cabo os seguintes procedementos:

- Comisión de coordinación pedagóxica (en adiante CCP): reunión mensual.
- Avaliacións: avaliación inicial no mes de outubro, avaliacións trimestrais, ordinarias e extraordinarias.
- Departamentos de lingua galega e lingua castelá:
 - Reunión mensual de departamento.
 - Reunión semanal co departamento de orientación, se for preciso.
 - Coordinación coa profesora de pedagogía terapéutica.
 - Reunións entre ambos departamentos de carácter puntual.
- Departamento de orientación:
 - Reunión semanal do departamento de orientación.
 - Coordinación coa profesora de pedagogía terapéutica / orientadora (semanalmente).
 - Coordinación coa profesora de pedagogía terapéutica / profesorado de materia (nas avaliacións utilízase un modelo específico para o alumnado con adaptacións curriculares)
 - Reunións semanais entre as persoas titoras e a orientadora, se for preciso.



10. Anexo e Addenda anual.

- Anexo I:
 - Recóllense para cada curso, en forma de táboa, as linguas en que deben impartirse as diferentes materias que o compoñen. Ao principio de cada columna preséntanse as sesións totais e a porcentaxe na paridade.
- Addenda anual:

- **Programa de actividades para o fomento e dinamización da lingua galega proposto polo EDLG para o presente curso escolar:** Para consultar o devandito programa, accede a <http://ofertaeducativa.iesaxunqueira2.com>.
- **Libros de texto para o presente curso escolar:** Para consultar a devandita listaxe, accede a <http://libros.iesaxunqueira2.com/>.

11. Elaboración e revisión deste documento.

Para a elaboración deste documento pártese desta proposta facilitada pola dirección do centro coa seguinte temporalización:

Temporalización	Tarefa
Outubro de 2017.	Presentación da proposta deste documento á comisión de coordinación pedagóxica (en adiante CCP)
Novembro e decembro de 2017.	Propostas de mellora presentadas polos departamentos. (sempre por correo electrónico a ies.xunqueira.2@edu.xunta.gal)
Xaneiro de 2018.	Presentación ao claustro e consello escolar.
Febreiro e marzo de 2018.	Propostas de mellora presentadas pola comunidade educativa. (sempre por correo electrónico a ies.xunqueira.2@edu.xunta.gal)
Abril de 2018.	Aprobación polo claustro e consello escolar.
Anualmente no 1º trimestre.	Revisión e actualización do documento polo equipo directivo, logo da consulta e achegas dos membros da CCP a través dos foros de coordinación da aula virtual.
Outubro de 2021. (cada 4 anos)	Reelaboración do proxecto.

Paridade Galego / Castelán, curso 2021/22

Sesións >

1º ESO		2º ESO		2º PMAR		3º ESO		3º PMAR	
G	C	G	C	G	C	G	C	G	C
50%	50%	50%	50%	60%	40%	50%	50%	50%	50%
13	13	13	13	15	10	14	14	14	14

Materias troncais.

Ámbito científico e matemático.					8				8
Ámbito lingüístico e social.					9			9	
Ámbito de linguas estranxeiras.					x	x		x	x
Bioloxía e xeoloxía.	4						2		
Física e química.				3				2	
Lingua castelá e literatura.		4		3				3	
Matemáticas.		5		4				4	
L. estranxeira - Inglés / Francés.	x	x	x	x			x	x	
Xeografía e historia.	3		3				3		
Titoría.	x	x	x	x	x	x	x	x	x

Materias específicas.

Educación física.		2	2		2			2	2
Educación plástica, visual e audiovisual.		2					2		2
Música.			3		3		2		2
Tecnoloxía.				3		2		2	2
2ª L. estranxeira - Francés /Inglés /Portugués.	x	x	x	x					
Relixión católica /Rel. evanxélica /Val. éticos.	1		1		1		1		1
Optativas.							1	1	1
Cultura Clásica.									
2ª L. estranxeira - Francés /Inglés /Portugués.							x	x	x

Materias de libre configuración autonómica e de centro.

Lingua galega e literatura.	4		3				3		
PEVS/Proxecto de vida activa e deportiva.	1								
Programación/Proxecto de vida activa e deportiva.			1						

Susceptibles de balanceo -->



Xa balanceadas -->



ANEXO I

Solución:

1º ESO --> **Balancedadas EPVA, ReIC/VaEt. e PEVS/IgXe.; balanceable EF.**

2º ESO --> **Balancedadas EF, Programación/PDC e ReIC/VaEt.**

2º ESO PMAR --> **Balancedadas EF, Música+ reforzo e ReIC/VaEt.; "imposible á paridade".**

3º ESO --> **Balancedadas EPVA, Música e ReIC/VaEt.; Balanceable EF.**

3º ESO PMAR --> **Balancedas EPVA e Música; balanceables EF e ReIC/VaEt.**

4º ESO --> **Balancedadas EF, ReIC/VaEt e troncais.; Balanceables os bloques das optativas.**

1º de bacharelato --> **Oferta garantindo a paridade, pódense balancear moitas.**

2º de bacharelato --> **Oferta garantindo a paridade, pódense balancear moitas.**

Paridade Galego / Castelán, curso 2021/22

Sesións >

4º ESO, Cien		4º ESO, Hum		4º ESO, FP		1º BTO		2º BTO	
G	C	G	C	G	C	G	C	G	C
50%	50%	50%	50%	50%	50%	50%	50%	48%	52%
14	14	14	14	14	14	31	31	39	42

Materias troncais.

Filosofía.						3			
Xeografía e historia /Historia de España.	3		3		3			3	
Lingua castelá e literatura /LCL I /LCL II.		3		3		3		3	3
Lingua estranxeira - Inglés /Francés /I /II.	x	x	x	x	x	x	x	x	x
Matemáticas académicas /Mates. Aplicadas.		4		4		4			
Da modalidade:									
Bioloxía e xeoloxía.	3								
Física e química.		3							
Economía			3						
Latín				3					
Tecnoloxía							3		
Ciencias apl. á act. Profesional / Ini. AE					3				
Mates I/II. /Mat. Ap. ás CC.SS. I/II. /Latín I/II.								4	4
Bioloxía e xeoloxía/ Bioloxía / Xeoloxía.								4	8
Debuxo Técnico I/II.								4	4
Física e química / Física / Química.								4	8
Historia do mundo contemporáneo.								4	
Literatura Universal.								4	
Economía/ Economía de empresa.								4	4
Grego I / II.								4	4
Historia da filosofía.									4
Historia da arte.									4
Xeografía.									4

Materias específicas.

Educación física.	2		2		2		2		
Relixión católica /Rel. evanxélica /Val. éticos.		1		1		1			
Optativas.									
Ed. Plástica, visual e audio. /TIC.		3		3		3			
Cultura científica /Música/Filosofía.	3		3		3				
2ª L. estranxeira - Francés /Inglés /Portugués.	x	x	x	x	x	x	x	x	x
De elección:									
Cultura científica.							2		
TIC I / TIC II.								2	3
Debuxo artístico I / II.							3		3
Linguaxe e práctica mus... / Historia da mús...								3	3
Relixión católica /Relixión evanxélica							1		1
Psicoloxía.									3
Ciencias da terra e do medio ambiente.									3
Tecnoloxía industrial I e II.								3	3
Fundamentos de administración e xestión.									3

Materias de libre configuración autonómica

L. galega e literatura.	3		3		3		3		3
Métodos estatísticos e numéricos.									2
Literatura galega do século XX e da actuali...								2	
Deseño e impresión 3D									2
Análise de doc. históricos. / Obradoiro CCA							2		
Antropoloxía /Robótica								2	
Papelmodelismo, uso creativo do papel.							1		